



CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR

Praza do Concello,1 – 32710 O Pereiro de Aguiar
Tel.: 988 25 93 85 / 629 317 011 / Fax: 988 25 93 95
www.concelloperreiro.com / info@concelloperreiro.com

BANDO

SOBRE MEDIDAS PREVENTIVAS CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR.

FAI SABER:

Que segundo a normativa vixente, tanto as ordenanzas municipais como as leis de ámbito autonómico, **É OBRIGA** de tódolos cidadáns o **MANTER LIMPAS** de lixo, entullos e maleza as parcelas da súa propiedade que se encontren dentro da delimitación de Solo de Núcleo Rural ou estean próximas a urbanizacións, edificacións illadas ou instalacións.

Así mesmo, os propietarios dos terreos que se encontren dentro das faixas secundarias de protección, e dicir, faixa perimetral o solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, deberán manter as parcelas **LIBRE DE MALEZA e RAREAR e PODAR O ARBOLADO**, para que estean suficientemente separados entre si, nunha franxa perimetral de 50 metros.

Nesa mesma faixa de protección, non poderá haber especies que favorezan a propagación do lume como **PIÑEIROS, EUCALIPTOS, ACACIAS, TOXOS, XESTAS, SILVAS.....**

Os danos que se poidan ocasionar nos bens ou propiedades dos lindeiros no caso de verse afectadas por incendios forestais, **SERÁ RESPONSABILIDADE DOS PROPIETARIOS**. Estes traballos de prevención **deberán realizarse antes do 31 de maio**.

Normativa de referencia:

- Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que modifica algúns artigos da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.
- Ordenanza municipal reguladora de limpeza de terreos, distancias de plantacións e xestión da biomasa forestal no concello (BOP nº 112, do 19/05/2015).
- Lei 3/2007, do 9 abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (DOG, 17/04/2007), texto consolidado coa aprobación da Lei 7/2012, de montes de Galicia (DOG 23/07/2012).

Moitas grazas pola súa colaboración.

O Pereiro de Aguiar, 27 de marzo de 2019.

O alcalde.



Eliseo Fernández Gómez